



PROTOCOLO PARA O DESENVOLVEMENTO DO TRABALLO FIN DE ESTUDOS

CURSO 25/26

De acordo co disposto no Decreto 163/2015 e no Decreto 171/2016, ao finalizar o cuarto curso, o alumnado desenvolverá un traballo fin de estudos (TFE), cunha asignación de 10 créditos ECTS.

Cómpre precisar determinados aspectos do desenvolvemento do mesmo.

CONVOCATORIAS:

O número máximo de convocatorias para a superación do TFE é de dúas, unha ordinaria e outra extraordinaria. En aplicación da Orde do 21 de novembro de 2016, con carácter xeral, a *“avaliación e cualificación correspondente á convocatoria ordinaria realizarase ao remate do segundo cuadrimestre de cada ano académico, e a correspondente á convocatoria extraordinaria realizarase no mes de xullo. De ser o caso, o alumnado que non supere ou non presente o TFE no curso escolar en que finaliza os estudos, terá dereito a utilizar as convocatorias correspondentes durante o primeiro cuadrimestre do seguinte ano académico”*.

A presentación ao TFE quedará condicionada a que o/a alumno/a supere todas as disciplinas que integran o plan de estudos correspondente á súa especialidade. En caso contrario a convocatoria do TFE será anulada de oficio polo centro.

O/A alumno/a poderá solicitar a anulación de convocatoria, aportando a motivación e documentos acreditativos que considere, e a dirección do centro resolverá o que proceda en aplicación da normativa vixente. Dita solicitude de anulación deberá presentarse antes da data de entrega do traballo, salvo causa sobrevida de forza maior.

O alumnado de todas as especialidades deberá presentar, como parte do TFE unha memoria xustificativa do traballo realizado, que deberá conter un resumo desta en castelán, galego e nun idioma estranxeiro.

Os/As alumnos/as que non soliciten data de realización no prazo correspondente asignaráselles unha de oficio no periodo que corresponda:

	DATAS DE REALIZACIÓN*	PRAZO SOLICITUDE DE DATAS PARA REALIZACIÓN DO TFE* (Formulario aquí)
ALUMNOS/AS QUE APROBAN TODO NO ADIANTO DE CONVOCATORIA OU NA CONVOCATORIA ORDINARIA DO 1º CUADRIMESTRE	Dous prazos a elixir Convocatoria ordinaria: A) Do 6 de febreiro ao 6 de marzo B) Do 8 de xuño ao 3 de xullo (para especialidade de Pedagogía, do 23 de xuño ao 3 de xullo)	DO 8 AO 12 DE XANEIRO
		DO 4 AO 11 DE MAIO
	Convocatoria extraordinaria: A) En caso de ter realizado a ordinaria entre o 6 de febreiro e o 6 de marzo, a extraordinaria será entre o 8 de xuño e o 3 de xullo (para especialidade de Pedagogía, do 22 de xuño ao 3 de xullo) B) En caso de ter realizado a ordinaria entre o 8 de xuño e o 3 de xullo, a extraordinaria será ata o inicio do periodo de exames do 1º cuadrimestre do curso seguinte	DO 4 AO 11 DE MAIO
		DO 13 AO 23 DE XULLO
ALUMNOS/AS QUE APROBAN TODO NA CONVOCATORIA ORDINARIA DO 2º CUADRIMESTRE	Convocatoria ordinaria: Do 8 de xuño ao 3 de xullo (para especialidade de Pedagogía, do 22 de xuño ao 3 de xullo)	DO 4 AO 11 DE MAIO
	Convocatoria extraordinaria: ata o inicio do periodo de exames do 1º cuadrimestre do curso seguinte	DO 13 AO 23 DE XULLO
ALUMNOS/AS QUE APROBAN TODO NA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE XUÑO	Convocatoria ordinaria: Do 6 ao 15 de xullo	DO 2 AO 6 DE XUÑO
	Convocatoria extraordinaria: ata o inicio do periodo de exames do 1º cuadrimestre do curso seguinte	DO 13 AO 23 DE XULLO

*** Nas especialidades de Dirección e Composición as datas serán establecidas polo centro, en función das necesidades de organización das agrupacións implicadas.**



ESPECIALIDADE DE INTERPRETACIÓN

Proposta dun programa de concerto e interpretación pública deste, con elaboración dun traballo académico que poderá verar sobre diversos aspectos do repertorio elixido, do seu instrumento, ou calquera outra temática relacionada coa especialidade e aprobada polo departamento. Este concerto deberá ter unha duración entre 45 e 70 minutos, cun descanso opcional non computable que non supere os quince minutos. O traballo académico deberá ter unha extensión mínima de vinte páxinas.

Procedemento e fases

1- Publicación o **9 de outubro** no taboleiro de anuncios a listaxe coa asignación dos/as profesores/as titores/as para o TFE.

2- O/A alumno/a presentará a proposta ao departamento a través do/a seu/súa titor/a. O/A titor/a terá de prazo para enviala ao/á xefe/a de departamento ata o **4 de novembro** (impreso de solicitude de proposta [aquí](#))

3- O departamento terá de prazo ata o **17 de novembro** para resolver as propostas. O/A xefe/a de departamento comunicará por correo electrónico a resolución a cada alumno/a, e remitirá á xefatura de estudos as propostas aprobadas.

De non considerarse idónea a proposta formulada, o/a alumno/a deberá aceptar os cambios propostos polo departamento ou formular unha nova proposta. Neste caso, o/a alumno/a disporá ata o **28 de novembro** para reformular a súa proposta.

Se ao longo do desenvolvemento do traballo xurdise a necesidade de modificar calquera aspecto do TFE, o/a alumno/a solicitará ao departamento correspondente (empregarase o mesmo modelo que para a proposta inicial) a través do/da seu/súa titor/a, e unha vez revisada a petición, resolverá o que proceda, informando directamente ao/a alumno/a a través do correo electrónico. O prazo para presentar a proposta de modificación será o que determine o departamento correspondente, reflectido na programación docente do TFE. En caso de que o cambio sexa aprobado polo departamento, deberá ser comunicado á xefatura de estudos.

O ALUMNADO QUE APROBE DISCIPLINAS NO ADIANTO DE CONVOCATORIA E SE MATRICULEN DO TFE EN DECEMBRO REALIZARÁN A PROPOSTA DE TFE ENTRE O 9 E O 12 DE DECEMBRO. A ACEPTACIÓN DA PROPOSTA POR PARTE DO DEPARTAMENTO REALIZARASE ANTES DO 9 DE XANEIRO.

4- O depósito do Traballo Fin de Estudos (TFE) deberá incluír a entrega do traballo académico, tanto en formato físico como en formato dixital, nos seguintes termos:

- Unha copia en papel, debidamente encadernada, entregárase na secretaría do centro.
- Autorización de consulta e unha copia dixital do TFE, xunto co cartel do concerto (en formatos A4 e A5, nos tipos de ficheiro PDF e PNG) e máis as notas ao programa deberá enviarse ao correo electrónico vicedireccion@csmcoruna.com

As datas para a realización do depósito serán as seguintes:

- Ata o 16 de xaneiro, para os que realicen o TFE na convocatoria do 6 febreiro ao 6 de marzo
- Ata o 18 de maio, para os que realicen o TFE na convocatoria do 8 xuño ao 3 de xullo
- Ata o 15 de xuño, para os que realicen o TFE na convocatoria do 6 ao 15 de xullo
- Ata tres semanas antes da data asignada, no caso do alumnado que dispoña do 1º cuatrimestre para a realización da convocatoria extraordinaria do TFE.

En caso de non presentalo no prazo establecido non se convocará o tribunal e o/a alumno/a non poderá realizar o exame, sendo cualificado con NON PRESENTADO e consumindo dita convocatoria.

O traballo presentarase no formato establecido na Circular 10/2014, apartado 3.2, e cumprimentando o [formulario correspondente](#). Dito formulario deberá incorporarse e formar parte do traballo escrito, encadernándoo co mesmo no formato en papel, e tamén se incluírá na versión dixital.

Ademais do traballo académico, os/as alumnos/as realizarán un concerto público.

Deberá consultarse a circular vixente 10/2014, a Orde do 21 de novembro de 2016 (dispoñibles na web do centro no apartado de lexislación) así como a Programación docente do TFE, onde se reflicten, entre outras especificacións, os Obxectivos, Contidos e Criterios/Ferramentas de avaliación que rexerán para o mesmo.

Notas ao programa

A elaboración dos programas de man do concerto, será responsabilidade directa do alumnado en relación co desenvolvemento das capacidades xerais, transversais e específicas adquiridas durante os seus estudos.

Presentaranse nas mesmas datas que o TFE, enviando a documentación xunto co TFE en formato dixital ao correo de vicedireccion@csmcoruna.com

No apartado da nosa páxina web <https://csmcoruna.com/secretaria/> documentación TFE, tedes os seguintes documentos para entregar xunto co TFE:

- Modelo de notas ao programa.pdf
- Portada en castelán pdf
- Portada en galego pdf
- Portada en castelán docx
- Portada en galego docx
- Modelo para a realización do programa en formato A4 e A3
- Modelo para a realización do programa en formato instagram
- Autorización para a consulta do TFE

O formato é pechado para manter unha mesma imaxe corporativa entre o alumnado. O centro farase cargo de publicar e difundir a través das súas RRSS o programa do concerto, así como a súa impresión.



ESPECIALIDADE DE PEDAGOXÍA XERAL E DA LINGUAXE MUSICAL

Elaboración e posterior defensa dun traballo académico relacionado coa especialidade e a súa aplicación, incidindo directamente no desenvolvemento profesional da Pedagogía da Linguaxe. O traballo incluírá unha proposta didáctica que trate de desenvolver ámbitos do ensino da linguaxe musical nas ensinanzas elementais e/ou profesionais da música, desenvolvendo materiais didácticos específicos para acadar obxectivos definidos.

Procedemento e fases

1- Publicación o **9 de outubro** no taboleiro de anuncios a listaxe coa asignación dos/as profesores/as titores/as para o TFE.

2- O/A alumno/a presentará a proposta ao departamento a través do/a seu/súa titor/a. O/A titor/a terá de prazo para enviala ao/á xefe/a de departamento ata o **4 de novembro** (impreso de solicitude de proposta [aquí](#))

3- O departamento terá de prazo ata o **17 de novembro** para resolver as propostas. O/A xefe/a de departamento comunicará por correo electrónico a resolución a cada alumno/a, e remitirá á xefatura de estudos as propostas aprobadas.

De non considerarse idónea a proposta formulada, o/a alumno/a deberá aceptar os cambios propostos polo departamento ou formular unha nova proposta. Neste caso, o/a alumno/a disporá ata o **28 de novembro** para reformular a súa proposta.

Se ao longo do desenvolvemento do traballo xurdise a necesidade de modificar calquera aspecto do TFE, o/a alumno/a solicitará ao departamento correspondente (empregarase o mesmo modelo que para a proposta inicial) a través do/da seu/súa titor/a, e unha vez revisada a petición, resolverá o que proceda, informando directamente ao/a alumno/a a través do correo electrónico. O prazo para presentar a proposta de modificación será o que determine o departamento correspondente, reflectido na programación docente do TFE. En caso de que o cambio sexa aprobado polo departamento, deberá ser comunicado á xefatura de estudos.

O ALUMNADO QUE APROBE DISCIPLINAS NO ADIANTO DE CONVOCATORIA E SE MATRICULEN DO TFE EN DECEMBRO REALIZARÁN A PROPOSTA DE TFE ENTRE O 9 E O 12 DE DECEMBRO. A ACEPTACIÓN DA PROPOSTA POR PARTE DO DEPARTAMENTO REALIZARASE ANTES DO 9 DE XANEIRO.

4- O depósito do Traballo Fin de Estudos (TFE) deberá incluír a entrega do traballo académico, tanto en formato físico como en formato dixital, nos seguintes termos:

- Unha copia en papel, debidamente encadernada, entregárase na secretaría do centro.
- Autorización de consulta e unha copia dixital do TFE, xunto co cartel do concerto (en formatos A4 e A5, nos tipos de ficheiro PDF e PNG) e máis as notas ao programa deberá enviarse ao correo electrónico vicedireccion@csmcoruna.com

As datas para a realización do depósito serán as seguintes:

- 12 de xaneiro: para os que realicen o TFE na convocatoria do 6 de febreiro ao 6 de marzo
- 5 de xuño: para os que realicen o TFE na convocatoria do 22 de xuño ao 3 de xullo
- 15 de xuño: para os que realicen o TFE na convocatoria do 5 ao 15 de xullo
- Tres semanas antes da data asignada, no caso do alumnado que dispoña do 1º cuadrimestre para a realización da convocatoria extraordinaria do TFE.

En caso de non presentalo no prazo establecido non se convocará o tribunal e o/a alumno/a non poderá realizar o exame, perdendo a convocatoria.

O traballo presentarase no formato establecido na Circular 10/2014, apartado 3.2, e cumprimentando o [formulario correspondente](#). Dito formulario deberá incorporarse e formar parte do traballo escrito, encadernándoo co mesmo no formato en papel, e tamén se incluírá na versión dixital.

Deberá consultarse a circular vixente 10/2014, a Orde do 21 de novembro de 2016 (dispoñibles na web do centro no apartado de lexislación) así como a Programación docente do TFE, onde se reflicten, entre outras especificacións, os Obxectivos, Contidos e Criterios/Ferramentas de avaliación que rexerán para o mesmo.

Notas ao programa

A elaboración dos programas de man da defensa pública do traballo, será responsabilidade directa do alumnado en relación co desenvolvemento das capacidades xerais, transversais e específicas adquiridas durante os seus estudos.

Presentaranse nas mesmas datas que o TFE, enviando a documentación xunto co TFE en formato dixital ao correo de vicedireccion@csmcoruna.com

No apartado da nosa páxina web <https://csmcoruna.com/secretaria/> documentación TFE, tedes os seguintes documentos para entregar xunto co TFE:

- Modelo de notas ao programa.pdf
- Portada en castelán pdf
- Portada en galego pdf
- Portada en castelán docx
- Portada en galego docx
- Modelo para a realización do programa en formato A4 e A3
- Modelo para a realización do programa en formato instagram
- Autorización para a consulta do TFE

O formato é pechado para manter unha mesma imaxe corporativa entre o alumnado. O centro farase cargo de publicar e difundir a través das súas RRSS o programa do concerto, así como a súa impresión.



ESPECIALIDADE DE COMPOSICIÓN

Elaboración e defensa dun traballo de composición constituído por dúas obras musicais inéditas, unha para orquestra ou banda, e outra para grupo de cámara, na cal se amose o grao de coñecemento abordado ao longo dos seus estudos así como a aplicación destes. Elaboración e defensa dunha memoria xustificativa do traballo realizado.

Procedemento e fases

- 1- Nos primeiros días do curso comunicárase o orgánico das agrupacións a empregar para as dúas obras de composición.
- 2- Publicación o **9 de outubro** no taboleiro de anuncios a listaxe coas asignacións de profesores/as titores/as.
- 3- O/A alumno/a presentará a proposta ao departamento a través do/a seu/súa titor/a, quen terá de prazo para enviala ao/a xefe/a de departamento ata o **4 de novembro** (impreso de solicitude de proposta [aquí](#))
- 4- O departamento terá de prazo ata o **17 de novembro** para resolver as propostas. O/A xefe/a de departamento comunicará por correo electrónico a cada alumno/a e á xefatura de estudos a resolución das mesmas.

De non considerarse aceptable a proposta formulada, o/a alumno/a deberá realizar os cambios propostos polo departamento ou formular unha nova proposta. Neste caso, o/a alumno/a disporá de prazo ata o **28 de novembro** para entregala.

OS/AS ALUMNOS/AS QUE APROBEN DISCIPLINAS NAS DATAS DE ADIANTO DE CONVOCATORIA E SE MATRICULEN DO TFE EN DECEMBRO REALIZARÁN A PROPOSTA DE TFE ENTRE O 9 E O 12 DE DECEMBRO. A ACEPTACIÓN DA PROPOSTA POR PARTE DO DEPARTAMENTO REALIZARASE ANTES DO 9 DE XANEIRO.

- 5- O depósito do Traballo Fin de Estudos (TFE) deberá incluír a entrega do traballo de Composición e a memoria xustificativa, tanto en formato físico como en formato dixital, nos seguintes termos:

- Unha copia en papel, debidamente encadernada, entregárase na secretaría do centro.
- Autorización de consulta e unha copia dixital do TFE, xunto co cartel do concerto (en formatos A4 e A5, nos tipos de ficheiro PDF e PNG) e máis as notas ao programa deberá enviarse ao correo electrónico vicedireccion@csmcoruna.com

As datas para realizar o depósito do traballo de Composición e a memoria xustificativa será de tres semanas antes da data asignada polo centro para o concerto das agrupacións.

Dado que a obra deberá ser interpretada públicamente, o/a alumno/a entregará tamén os materiais (partitura xeral e particellas) para os ensaios como máximo dous meses antes da data da interpretación pública.

En caso de vulnerar algún dos prazos de entrega establecidos non se convocará o tribunal e o/a alumno/a non poderá realizar o exame.

O traballo presentarase no formato establecido na Circular 10/2014, apartado 3.2, e cumprimentando o [formulario correspondente](#). Dito formulario deberá incorporarse e formar parte da memoria xustificativa, encadernándoo coa mesma no formato en papel, e tamén se incluírá na versión dixital.

Con carácter excepcional, o alumnado da especialidade de Composición poderá realizar o TFE con anterioridade aos exames da convocatoria ordinaria, quedando condicionada a cualificación do mesmo á superación de todas as disciplinas que conforman o seu plan de estudos.

Deberá consultarse a circular vixente 10/2014, a Orde do 21 de novembro de 2016 (dispoñibles na web do centro no apartado de lexislación) así como a Programación docente do TFE, onde se reflicten, entre outras especificacións, os Obxectivos, Contidos e Criterios/Ferramentas de avaliación que rexerán para o mesmo.

Notas ao programa

A elaboración dos programas de man, será responsabilidade directa do alumnado en relación co desenvolvemento das capacidades xerais, transversais e específicas adquiridas durante os seus estudos.

Presentaranse nas mesmas datas que o TFE, enviando a documentación xunto co TFE en formato dixital ao correo de vicedireccion@csmlcoruna.com

No apartado da nosa páxina web <https://csmlcoruna.com/secretaria/> documentación TFE, tedes os seguintes documentos para entregar xunto co TFE:

- Modelo de notas ao programa.pdf
- Portada en castelán pdf
- Portada en galego pdf
- Portada en castelán docx
- Portada en galego docx
- Modelo para a realización do programa en formato A4 e A3
- Modelo para a realización do programa en formato instagram
- Autorización para a consulta do TFE

O formato é pechado para manter unha mesma imaxe corporativa entre o alumnado. O centro farase cargo de publicar e difundir a través das súas RRSS o programa do concerto, así como a súa impresión.



ESPECIALIDADE DE DIRECCIÓN

Programación e interpretación dun concerto público para orquestra, banda ou coro. Elaboración e defensa dunha memoria xustificativa que deberá de atender polo menos, ás seguintes consideracións: razoamento estético e artístico do repertorio elixido, finalidade da súa recepción (público, estudantado, contorno sociocultural, etc.) e descrición técnica (ensaio, instrumentación, acústica, etc.).

Procedemento e fases

1- Publicación o **9 de outubro** no taboleiro de anuncios listaxe coa asignación dos/as profesores/as titores/as para o TFE.

2- O/A alumno/a presentará a proposta ao departamento a través do/a seu/súa titor/a. O/A titor/a terá de prazo para enviala ao xefe de departamento ata o **4 de novembro** ([impreso de solicitude de proposta aquí](#))

3- O departamento terá de prazo ata o **17 de novembro** para resolver as propostas. O xefe/a de departamento comunicará por correo electrónico a cada alumno/a e á xefatura de estudos a resolución das mesmas.

De non considerarse idónea a proposta formulada, o/a alumno/a deberá aceptar os cambios propostos polo departamento ou formular unha nova proposta. Neste caso, o/a alumno/a disporá ata o **28 de novembro** para reformular a súa proposta.

Se ao longo do desenvolvemento do traballo xurdise a necesidade de modificar calquera aspecto do TFE, o/a alumno/a solicitará ao departamento correspondente (empregarase o mesmo modelo que para a proposta inicial) a través do/da seu/súa titor/a, e unha vez revisada a petición, resolverá o que proceda, informando directamente ao/a alumno/a a través do correo electrónico. O prazo para presentar a proposta de modificación será o que determine o departamento correspondente, reflectido na programación docente do TFE. En caso de que o cambio sexa aprobado polo departamento, deberá ser comunicado á xefatura de estudos.

As propostas quedarán suxeitas á dispoñibilidade e recursos do centro.

En caso de que polos recursos do centro resulte imposible aceptar todas as propostas, a Dirección do centro reunirá aos afectados para tratar de consensuar un reparto de agrupacións. De non acadar un acordo, establecerase unha orde de prevalencia baseada na nota media do expediente académico.

OS/AS ALUMNOS/AS QUE APROBEN DISCIPLINAS NAS DATAS DE ADIANTO DE CONVOCATORIA E SE MATRICULEN DO TFE EN DECEMBRO REALIZARÁN A PROPOSTA DE TFE ENTRE O 9 E O 12 DE DECEMBRO. A ACEPTACIÓN DA PROPOSTA POR PARTE DO DEPARTAMENTO REALIZARASE ANTES DO 9 DE XANEIRO.

4- O depósito do Traballo Fin de Estudos (TFE) , tanto en formato físico como en formato dixital, realizarase nos seguintes termos:

- Unha copia en papel, debidamente encadernada, entregarse na secretaría do centro.
- Autorización de consulta e unha copia dixital do TFE, xunto co cartel do concerto (en formatos A4 e A5, nos tipos de ficheiro PDF e PNG) e máis as notas ao programa deberá enviarse ao correo electrónico vicedireccion@csmcoruna.com

As datas para realizar o depósito da memoria xustificativa será de tres semanas antes da data asignada para o concerto.

En caso de non presentalo no prazo establecido non se convocará o tribunal e o/a alumno/a non poderá realizar o

exame, perdendo a convocatoria.

A memoria xustificativa presentarse no formato que se estableza na programación do TFE, e cumprimentando o [formulario correspondente](#). Dito formulario deberá incorporarse e formar parte do traballo escrito, encadernándoo co mesmo no formato en papel, e tamén se incluírá na versión dixital.

Ambas copias (papel e dixital) presentaranse nas datas establecidas neste documento. A versión en papel presentarse na secretaría do centro e a copia en formato dixital será enviada ao correo de vicedirección@csmcoruna.com.

Con carácter excepcional, o alumnado da especialidade de Dirección poderá realizar o TFE con anterioridade aos exames da convocatoria ordinaria, quedando condicionada a cualificación do mesmo á superación de todas as disciplinas que conforman o seu plan de estudos.

Deberá consultarse o Decreto 171/2016 e a Orde do 21 de novembro de 2016 (dispoñibles na web do centro no apartado de Lexislación) así como a Programación docente do TFE, onde se reflicten, entre outras especificacións, os Obxectivos, Contidos e Criterios/Ferramentas de avaliación que rexerán para o mesmo.

Notas ao programa

A elaboración dos programas de man, será responsabilidade directa do alumnado en relación co desenvolvemento das capacidades xerais, transversais e específicas adquiridas durante os seus estudos.

Presentaranse nas mesmas datas que o TFE, enviando a documentación xunto co TFE en formato dixital ao correo de vicedireccion@csmcoruna.com

No apartado da nosa páxina web <https://csmcoruna.com/secretaria/> documentación TFE, tedes os seguintes documentos para entregar xunto co TFE:

- Modelo de notas ao programa.pdf
- Portada en castelán pdf
- Portada en galego pdf
- Portada en castelán docx
- Portada en galego docx
- Modelo para a realización do programa en formato A4 e A3
- Modelo para a realización do programa en formato instagram
- Autorización para a consulta do TFE

O formato é pechado para manter unha mesma imaxe corporativa entre o alumnado. O centro farase cargo de publicar e difundir a través das súas RRSS o programa do concerto, así como a súa impresión.